

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28 DE XUÑO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e oito de xuño do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D.^a Elisa Pestonit Barreiros, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 21 DE XUÑO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 21 de xuño de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 21 de xuño de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución do 13 de xuño de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda -Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático-, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de novembro de 2021 (*Diario Oficial de Galicia número 238, do 14 de decembro*) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia

municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva, por anticipado de gasto, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975K). DOG núm. 119 do 22-06-2022

- Orde ICT/565/2022, do 15 de xuño, do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, pola que se modifica a Orde ICT/949/2021, do 10 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canais curtos de comercialización, e se procede á súa convocatoria no ano 2021, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. BOE núm. 148 do 22-06-2022.
- Anuncio núm. 2022/3855, da Deputación Provincial da Coruña -Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación-, de levantamento de actas previas á ocupación relativa á expropiación senda peonil en DP 1702, p.q. 0+970 ao 1+070. Pasarela sobre liña FF.CC. (Cambre) 2020.1110.0002.0 DP 1702. BOP núm. 120 do 27-06-2022.
- Anuncio núm. 2022/3838, da Deputación Provincial da Coruña -Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais-, de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022. BOP núm. 121 do 28-06-2022.
- Resolución do 22 de xuño de 2022, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade -Secretaría Xeral da Igualdade-, pola que se resolven as subvencións previstas na Resolución do 7 de marzo de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (códigos de procedemento SI435B, SI435A, SI427B). DOG núm. 122 do 28-06-2022.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, que comezan coa Resolución da concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá núm. 1119/2022 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1156/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1119/2022	16-06-2022	Autorización apertura urna perimetral núm. 146, letra B, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de R.C.R. o día 9 de xuño de 2022
1120/2022	16-06-2022	Autorización apertura urna perimetral núm. 50, letra A, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de A.C.C. o día 7 de xuño de 2022.
1121/2022	16-06-2022	Concesión do dereito de uso privativo da urna perimetral núm. 172, letra A, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de F.G.S.
1122/2022	17-06-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21 de xuño de 2022
1123/2022	17-06-2022	Convocatoria de sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 21 de xuño de 2022



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1124/2022	20-06-2022	Baixa do Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais de Cambre da asociación de "Autoprotección, Empoderamiento y Defensa Personal Femenina" (AAPREDFEM)
1125/2022	20-06-2022	Aprobación de cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre do segundo trimestre de 2022.
1126/2022	20-06-2022	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 23 de xuño de 2022
1127/2022	20-06-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 90.494,15 euros
1128/2022	20-06-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes aos premios e gratificacións aos participantes no Entroido en Cambre 2022
1129/2022	20-06-2022	Aprobación do pagamento ao Consorcio das Mariñas da taxa de lixo correspondente ao primeiro trimestre de 2022
1130/2022	20-06-2022	Autorización de asistencia a F.J.U.A., a seminario de formación do INAP o 29 de xuño de 2022 en Madrid e autorización das axudas de custo e locomoción
1131/2022	20-06-2022	Reposición da legalidade urbanística pola realización de tallas parciais e movementos de terras en parcela sita en Espiritu Santo (Cecebre), sen título habilitante. Interesado: J.E.F.C.
1132/2022	20-06-2022	Licenza de edificación para modificar o edificio sito na rúa Tapia, núm. 40 - O Temple, promovido por LA TAPIA, C.B..
1133/2022	20-06-2022	Reposición da legalidade urbanística pola existencia dunha canceira e obras nun tramo do muro de peche lindeiro co camiño público municipal 1C.1.0275, en terreo sito en Piñeiro (Brexo). Propiedade: R.A.B.G. e V.C.D.
1134/2022	20-06-2022	Asignación de número de vivenda a instancia de R.H.S.L.
1135/2022	20-06-2022	Aprobación da creación da Comisión Antifraude do Concello de Cambre.
1136/2022	20-06-2022	Proposta de aprobación de proposta de mandamento de pago e pagamento de operacións non orzamentarias
1137/2022	20-06-2022	Asignación de número de vivenda a instancia de R.M.N.
1138/2022	20-06-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a D.I.P.A. por non cumprir o requisito de empadramento
1139/2022	20-06-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a D.E.V.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1140/2022	20-06-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.R.L.D. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1141/2022	21-06-2022	Concesión de licenza urbanística para demolición de vivenda e construción de vivenda unifamiliar e curral doméstico en Gaiteiro (Sigrás). Promotor: D.C.M.
1142/2022	21-06-2022	Reposición da legalidade por ampliación de vivenda unifamiliar en dúas construcións auxiliares sen título habilitante. Interesado: R.L.G.
1143/2022	21-06-2022	Expediente sancionador por infracción da ordenanza de protección do medio ambiente por rúidos derivados dun reprodutor de música na rúa Pígaro (O Temple). Responsable: L.C.G.G.
1144/2022	21-06-2022	Reposición da legalidade urbanística pola construción de dous tramos do peche dunha parcela sita en Aían (Sigrás), sen axustarse ás



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		comunicacións previas presentadas. Propietario: N.C.F.
1145/2022	21-06-2022	Delegación do señor alcalde da celebración de matrimonio civil o 9 de xullo de 2022
1146/2022	21-06-2022	Reposición da legalidade urbanística pola realización en Aián (Sigrás), de actos consistentes en movementos de terras (desmontes e recheos), eliminación dunha fonte e un lavadoiro, e modificacións e soterramento do curso de auga superficial que percorre de forma natural a parcela. Propietario: N.C.F.
1147/2022	21-06-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a D.R.V.V.
1148/2022	21-06-2022	Reposición da legalidade pola execución de movementos de terra en terreo sito en Espírito Santo (Cecebre). Propietario: M.R.P. e M.J.P.M.
1149/2022	21-06-2022	Concesión de licenza para ocupación de vía pública mediante a instalación dun andamio, con motivo das obras de reparación e impermeabilización dun edificio sito na rúa Otero Pedraio e praza Fernando Buesa (O Temple), así como para a retirada de dúas fileiras de baldosas da beirarrúa para garantir o correcto apoio do andamio
1150/2022	21-06-2022	Comunicación previa para instalación de portal, reparación de peche e colocación en terreo sito no Corgo (Brexo)
1151/2022	22-06-2022	Expediente núm. 25/2022 de incorporación de remanentes de crédito procedentes do exercicio de 2021.
1152/2022	22-06-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 38.195,71 euros
1153/2022	22-06-2022	Reposición da legalidade urbanística pola construción dun muro de contención no terreo sito en Sobrecarreira (Sigrás). Propietaria: P.L.C.
1154/2022	22-06-2022	Aprobación da actividade de espectáculo teatral Elisa e Marcela, pola compañía A Panadaría Sociedade Coop Galega, o domingo 3 xullo de 2022, ás 19:00 h, no centro sociocultural do Graxal
1155/2022	22-06-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a E.M.P.G.
1156/2022	22-06-2022	Pagamento de nómina de xuño de 2022

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo